

## RESOLUCIÓN REITORAL DE 14 DE DECEMBRO DE 2015 POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO SELECCIONADAS PARA A CONVOCATORIA DE OITO PRAZAS DE CONTRATADO DOUTOR 2015

En aplicación da taxa de reposición (datos de 2014) establecida na Lei Xeral de Orzamentos do Estado do ano 2015, acordouse no Consello de Goberno de 17 de xullo de 2015, aprobar a oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo integrada por oito prazas de profesorado contratado doutor no ano 2015, das que dúas deben corresponder a investigadores que remataran o contrato do programa Ramón y Cajal e acadasen o I3.

No Consello de Goberno que tivo lugar o 29 de outubro de 2015, foron aprobados os criterios para a selección das áreas de coñecemento na convocatoria de prazas de profesorado contratado doutor no ano 2015, que corresponden á Universidade de Vigo en aplicación da taxa de reposición (datos de 2014) establecida na Lei 36/2014 do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.

Esta Vicerreitoría, con data 30 de outubro de 2015 fixo pública a convocatoria de selección de áreas de coñecemento para a convocatoria de prazas de contratado doutor 2015, publicando o 4 de decembro de 2015 a relación definitiva de admitidos e excluídos para participar nesta convocatoria.

En aplicación do acordo do Consello de Goberno de 29 de outubro de 2015, a COAP en sesión do 4 de decembro de 2015 toma o acordo de aprobar a convocatoria de oito prazas de profesorado contratado doutor no ano 2015 nas áreas correspondentes, por isto,

### **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

Aprobar e facer pública a relación das áreas de Coñecemento para a convocatoria de oito prazas de contratado doutor para o ano 2015 xunto coas puntuacións obtidas unha vez aplicados os criterios aprobados polo Consello de Goberno.

A relación das mesmas atópase no ANEXO I.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do rexistro xeral de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Non obstante, os interesados poderán optar por interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación da presente resolución; neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata a resolución expresa ou por silencio administrativo do recurso de reposición.

Vigo, 14 de decembro de 2015

O REITOR,

Por delegación R.R 07/05/2014

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez

Universidade de Vigo -  
Rexistro Xeral

Saída Nº 201500023476  
14/12/15 13:36:32

## ANEXO I.

Relación de áreas de coñecemento coas puntuacións obtidas, segundo os criterios aprobados en Consello de Goberno (29/10/2015)

ÁREA/DPTO,	H	C	F	P	OBSERVACIÓNS
A0545/T03	2296,0	9,566666667	8	0,83623693	Ramón y Cajal
A0555/T04	4469,5	18,62291667	25	1,34243204	Ramón y Cajal
A0385/T08	4250,2	17,70916667	28	1,58110207	Ramón y Cajal
A0205/X05	11758,6	48,99416667	22	0,44903305	Todo departamento
A0245/X05	4688,6	19,53583333	11	0,56306787	
A0105/X14	6379,5	26,58125000	16	0,60192805	
A0070/X11	1982,5	8,26041667	6	0,72635561	
A0215/X04	2952,2	12,30083333	9	0,73165775	
A0814/H12	7375	30,72916667	26	0,84610169	
A0650/X09	12642,4	52,67666667	47	0,89223565	
A0590/T03	3102,2	12,92583333	12	0,92837341	
A0165/X02	1969,5	8,20625000	8	0,97486672	
A0185/H09	3066,5	12,77708333	13	1,01744660	
A0490/H05	4156	17,31666667	18	1,03946102	Todo departamento
A0305/T01	3418,5	14,24375000	15	1,05309346	
A0150/X13	1236,1	5,15041667	6	1,16495429	
A0265/C05	4265	17,77083333	22	1,23798359	
A0450/H05	933	3,88750000	5	1,28617363	
A0785/T11	4972,5	20,71875000	27	1,30316742	
A0570/T15	6066,2	25,27583333	34	1,34515842	
A0370/H03	3316,9	13,82041667	19	1,37477765	
A0385/T08	4250,2	17,70916667	28	1,58110207	
A0560/T13	3651	15,21250000	30	1,97206245	
A0800/T14	5225	21,77083333	43	1,97511962	
A0420/C03	993,6	4,14000000	9	2,17391304	
A0410/C01	865,6	3,60666667	8	2,21811460	
A0755/C11	1973,5	8,22291667	19	2,31061566	
A0220/C04	1246,5	5,19375000	14	2,69554753	
A0412/C02	552,5	2,30208333	7	3,04072398	
A0640/C07	859,8	3,58250000	11	3,07048151	

\*As Áreas/Dpto sombreadas son as áreas seleccionadas no acordo de COAP do 4 de decembro de 2015 para a convocatoria de oito prazas de profesorado contratado doutor no ano 2015.

